



CONCELLO DE SANTA COMBA  
PRAZA DO CONCELLO 1  
15841 - SANTA COMBA  
CORUÑA (A)

Expediente nº: IF204A/AC/2023/1310

Asunto: **Resolución de autorización na zona de dominio público e/ou nas zonas de protección da estrada AC-406**

Solicitante: CONCELLO DE SANTA COMBA

A súa referencia: MODIFICADO DE: REURBANIZACIÓN DEL TRAMO DE LA AVENIDA DE SANTIAGO (AC-406) DESDE EL PK 28+950 AL PK 29+270

**Obras, instalacións ou realización de actividades para as que se solicita a autorización:** CRUZAMENTO E AFECCIÓN NA CALZADA POR OBRAS DE URBANIZACIÓN FÓRA DO DOMINIO PÚBLICO VIARIO

**Concello:** SANTA COMBA

**Estrada:** AC-406

**PQ inicio:** 29+010      **PQ fin:** 29+270

**Marxe, no sentido de avance da quilometraxe:** Ambos

## ANTECEDENTES

1. O 03/10/2023 recibíuse neste servizo a solicitude do CONCELLO DE SANTA COMBA, na que solicitaba a autorización para o cruzamento e afección na calzada polas obras de urbanización fóra do dominio público viario. A actuación solicitada correspóndese coa autorizada no noso expediente IF204A 2020/104-1, reducindo a súa lonxitude en 60 metros.
2. Con data do 20/10/2023 o equipo de vixilancia de explotación emitiu un informe de campo tras visita ao lugar da solicitude. O dominio público viario de este treito de estrada se limita ó ancho dos carrís de circulación máis un metro (1 m.) a cada lado das arestas exteriores dos mesmos. Correspóndendo o resto da





sección da travesía (aparcamentos e beirarrúas) ó dominio público do Concello de Santa Comba. Do que se deduce que a actuación se desenvolve nun treito urbano da estrada AC-406. Afectando á mesma cun cruzamento soterrado para tubaxe de abastecemento, a altura do PQ 29+230. Así como a correspondente afección á zona de circulación durante a execución das obras. O resto da actuación se desenvolve por fóra de dominio público viario nun treito urbano polo que no se executan en zona de protección desta estrada.

3. O 06/11/2023 o enxeñeiro facultativo deste servizo emitiu un informe sobre a solicitude presentada.

### NORMATIVA APLICABLE

1. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (DOG 12/07/2013) e as súas modificacións. En adiante LEG.
2. Decreto 66/2016, do 16 de maio polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia (DOG 20/06/2016) e as súas modificacións. En adiante REG.
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE 02/10/2015). En adiante LPAC.
4. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. (BOE 02/10/2015). En adiante LRXSP.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. De acordo co artigo 47.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización previa.
2. O obxecto da solicitude presentada cumpre co sinalado na Lei 8/2013, do 28 de xuño de estradas de Galicia e o seu regulamento, segundo o informe técnico do enxeñeiro facultativo de data 06/11/2023.
3. O artigo 43.1 da LEG regula os usos autorizables na explanación da estrada e na dos seus elementos funcionais. En particular, permite autorizar:
  - a) Cruzamentos subterráneos ou aéreos que sexan imprescindibles para darlles continuidade ás redes e infraestruturas de servizos públicos ou para conectarse a eles.





f) Elementos, obras, actuacións e instalacións necesarios para que as administracións públicas poidan exercer as súas competencias, cando pola súa natureza ou funcionalidade non poidan ter outra colocación.

De acordo co indicado, **RESOLVO:**

Autorizar ao CONCELLO DE SANTA COMBA no que respecta á competencia sectorial en materia de estradas, a execución do cruzamento e afección na calzada polas obras de urbanización fóra do dominio público viario no P.Q 29+01 da estrada AC-406 no concello de SANTA COMBA.

- Exixir a constitución dunha **garantía de mil cincocentos (1.500,00 €) euros** que responda dos potenciais danos ou perdas que se poidan provocar ao dominio público viario, conforme ao artigo 51 da LEG e 119 do REG. Esta garantía deberá depositarse pola empresa adxudicataria das obras na caixa xeral de depósitos da Axencia Tributaria de Galicia, a favor da Axencia Galega de Infraestruturas. **A autorización carecerá de validez se non acredita perante este servizo provincial o xustificante de ter presentado o depósito da garantía.** O prazo de garantía será de un (1) ano dende a data da acta de conformidade, de ser o caso.

- **Antes do inicio das obras**, o Director das mesmas deberá de poñerse en contacto co vixiante de explotación desta zona (**608 60 83 30**) para comprobar a súa implantación. En concreto a implantación dos pozos de ataque da perforación que produza a menor afección posible á explotación da estrada, o solape dos aparcamentos coa plataforma da estrada, e as medidas para minimizar a afección ao tráfico durante a execución das obras Tamén se comprobará o efectivo depósito da garantía solicitado. **A acta de conformidade da súa implantación implicará o permiso definitivo de iniciación das obras.**

Esta autorización axustarase ao disposto pola Lei de estradas de Galicia e a seu regulamento, ademais do cumprimento das seguintes **condicións:**

#### CONDICIÓN PARTICULARES:

1. As obras que se autorizan consisten nun **cruzamento soterrado** para tubaxe de abastecemento, a altura do PQ 29+230. Así como a correspondente afección á zona de circulación durante a execución do conxunto das unidades de obra recollidas no proxecto. O resto da actuación se desenvolve por fóra de dominio público viario nun treito urbano polo que no se executan en zona de protección desta estrada. Correspondendo ao Concello a súa autorización.





2. As obras deberán estar rematadas no **prazo de trinta (30) meses**, que se empezará a contar a partir do día seguinte da notificación da resolución. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar unha prórroga con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.
3. As obras deberán realizarse de xeito que a afección ó tránsito de vehículos e peóns pola estrada sexa a mínima posible. Deberá de procederse á sinalización de obra correspondente, de acordo coas indicacións que fagan os responsables da circulación (Policia Local ou Xefatura Provincial de Tráfico); ou subsidiariamente, seguindo a norma 8.3.IC. Sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas en vías fóra de poboado (BOE nº 224, do 18/09/1987) .
4. No seu caso, o solicitante deberá obter previamente a preceptiva AUTORIZACIÓN da Xefatura Provincial de Tráfico para realizar cortes ou desvíos do tráfico motivados pola execución das obras, segundo o recollido no artigo 37 do Regulamento Xeral de Circulación (RD 1428/2003), que xunto co artigo 39 regulan a ordenación especial de tráfico por razóns de seguridade e fluidez e a limitación deste.
5. Calquera outro tipo de obras que se pretenda realizar dentro da zona de afección da estrada, aínda que sexan complementarias da solicitada, requirirán autorización expresa deste Servizo. En concreto, se o Concello considera necesario unha modificación da información, sinalización, e a ordenación de accesos á estrada, para mellorar a explotación e integración urbana da mesma, deberá de contar cunha autorización expresa, ou informe vinculante desta Administración, como única competente para a sinalización permanente da AC-406.
6. As conducións a instalar deberán reunir as condicións precisas de resistencia para soportar as cargas que circulen pola estrada. A Xunta de Galicia non se responsabiliza dos prexuízos que ó tránsito rodado poida ocasionar na instalación, nin dos que xurdan por calquera motivo da estrada. En todo caso, a profundidade da cara ou aresta superior da condución respecto á rasante do pavimento da calzada e beiravías, non será inferior, en ningún punto a oitenta centímetros (0,8 m.)
7. En ámbalas dúas marxes da estrada construíranse pozos ou arquetas adecuadas ó tipo de condución, fóra da zona de dominio público. E dicir, non se autoriza a disposición de arquetas, pozos ou calquera outro elemento de rexistro, nos carrís nin no ancho de un metros a partires das arestas exteriores dos mesmos.





8. O cruce de calzada executarase por medio de perforación mecánica coa maquinaria adecuada, de forma que non se produzan oquedades entre esta e o terreo da explanación da estrada. A lonxitude da perforación incluírá como mínimo a zona necesaria para o cumprimento da condición anterior.
9. Se coa perforación se afectase á drenaxe profunda da estrada, esta deberá ser repostada ó seu estado anterior.
10. Deberá de procederse á reposición de toda a sinalización horizontal do treito de estrada afectado polas mesmas. Así como da sinalización vertical. Todo elo conforme a situación existente antes do inicio da obra, ou no seu caso, segundo o indicado na condición particular número 4.
11. **Unha vez finalizadas as obras**, a persoa interesada se poñerá de novo en contacto co equipo de vixiantes de explotación desta zona (608 60 83 30) co obxecto de comprobar o seu estado e a súa conformidade cos termos da autorización. De ser o caso, faranse constar as obxeccións de xeito pormenorizado e concederáse un prazo proporcionado para a súa corrección. **Será preceptivo o levantamento dunha ACTA DE TERMINACIÓN.**
12. O titular da autorización será responsable das operacións de conservación e mantemento requiridas polas obras e instalacións obxecto desta autorización e que sexan necesarias para garantir a salubridade, accesibilidade, seguridade e funcionalidade menoscabadas como consecuencia do uso destas.

### CONDICIÓN XERAIS:

1. A autorización outórgase a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non suporá en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola administración titular de ningunha responsabilidade respecto da persoa titular da autorización ou de terceiros.

A administración titular da estrada poderá, en calquera momento, modificar ou suspender temporal ou definitivamente a autorización cando a actuación produza danos no dominio público viario, por incumprimento das condicións da autorización, por poñer en risco a seguridade viaria ou cando se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento ou cando resulte incompatible con normas aprobadas con posterioridade.

2. Esta autorización entenderase outorgada a **precario** na parte na que afecte á zona de dominio público.





As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público poderán ser revogadas unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando sexa necesario por motivo de calquera obra que vaia realizar na estrada a administración titular desta, e quedará obrigada a persoa solicitante a retirar á súa conta os elementos instalados.

As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o aboamento á persoa interesada de calquera indemnización por razón dos danos e perdas ocasionados pola explotación e polo uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra realizada na estrada pola administración titular desta, incluídas as de conservación. Nese caso, a reposición das obras e elementos amparados pola autorización será por conta da persoa interesada.

3. A autorización producirá efectos mentres permaneza o obxecto determinante do seu outorgamento e será transmisible previa notificación do cambio de titularidade a este servizo.
4. Esta autorización na **zona de dominio público** outorgase por un prazo de **dez (10) anos** contados desde o día seguinte ao da notificación desta autorización. En base ao artigo 49.4 da Lei de estradas de Galicia, poderá concederse, logo da solicitude da persoa interesada, ata dúas prórrogas por períodos de igual duración. Antes de que transcorra o prazo da autorización, incluídas as prórrogas, se é o caso, a persoa titular poderá solicitar unha nova autorización.

O titular deberá solicitar a **prórroga** da autorización con antelación suficiente a que expire o prazo da autorización.

5. Dado que as obras, instalacións ou actividades autorizadas implican a utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público viario de titularidade autonómica, de conformidade co artigo 38 e seguintes da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos públicos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 11/12/2003) e as súas modificacións, xera o dereito ao cobro da taxa regulada na sección V do título II da dita lei.

A **taxa** ten carácter permanente mentres se manteña a vixencia da autorización outorgada xestiónase por **autoliquidación** e o seu importe deberá ser pagado **no primeiro ano no prazo dun mes dende a notificación desta autorización e nos anos posteriores devengarase o 1 de xaneiro de cada ano, debendo realizar a autoliquidación nos vinte primeiros días do mes de xaneiro.**





Transcorrido o dito prazo de pagamento voluntario, iniciárase de oficio o procedemento de comprobación limitada dos artigos 136 a 140 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cos correspondentes xuros de mora, segundo o artigo 26 da dita lei.

No primeiro ano, a tarifa (fixada no Anexo V da Lei 6/2003) prorratábase en función do tempo de gozo da autorización, computándose en meses enteiros e redondeando ao enteiro inmediatamente superior. Nos anos sucesivos, a tarifa deberá ingresarse integramente e actualizárase segundo o coeficiente que estableza a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, **sen prexuízo de que as tarifas poidan ser revisadas nunha modificación da lei de taxas, de se-lo caso.**

No enderezo electrónico <http://www.atriga.gal/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/taxas-e-prezos> ten información actualizada e o impreso que poderá descargar para realizar a autoliquidación en calquera banco ou caixa de aforros colaboradora na recadación. **Logo de realizado o pagamento, deberá entregar ou remitir a este servizo provincial o exemplar xustificativo para Administración, nos dez días seguintes a realizar o dito ingreso.**

6. Se para a execución das obras, instalacións ou actividades fose necesario construír un acceso á estrada, deberá solicitarse previamente a preceptiva autorización de acceso neste servizo provincial.

Así mesmo, calquera outro tipo de obras que se pretenda realizar dentro da zona de afección da estrada, aínda que sexan complementarias da solicitada, como peches, canalizacións ou cruces subterráneos, acometidas, etc., que non comprenda a presente autorización, requirirán autorización expresa deste servizo.

7. Durante o tempo no que se manteñan as obras, deberanse tomar as precaucións necesarias para garantir a seguridade da circulación no treito afectado, colocando a sinalización e o balizamento regulamentario segundo a **Instrución 8.3-IC** sobre Sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas fóra de poboado, o Código de circulación, o Manual de exemplos de sinalización de obras fixas do Ministerio de Fomento e outras disposicións vixentes, sendo o petionario o responsable dos accidentes a que puidera dar lugar a insuficiente sinalización ou o mal estado de conservación ou colocación desta, debendo retirala tan pronto como se rematen as obras retire a instalación.





8. No caso de necesitar realizar cortes e desvíos do tráfico na execución das obras o solicitante deberá obter previamente a preceptiva **AUTORIZACIÓN da xefatura provincial de Tráfico**, segundo o recollido no artigo 37 do Regulamento Xeral de Circulación (RD 1428/2003), que xunto co artigo 39 regulan a ordenación especial de tráfico por razóns de seguridade e fluidez e a limitación deste.
9. As obras, instalacións ou actividades executaranse segundo a documentación presentada no expediente, no seu caso, e segundo as condicións impostas na autorización, sen interromper nin dificultar, agás casos excepcionalmente autorizados, a circulación pola estrada e garantindo, en todo caso, a seguridade viaria.
10. **Non se poderán iniciar as obras sen que o persoal deste servizo comprobe a súa implantación sobre o terreo e se teña depositada a garantía definida nas condicións particulares, de se-lo caso.**

Para isto, a persoa interesada porase en contacto co dito persoal cunha antelación mínima de sete (7) días da data que prevexa para o inicio da obra e comunicará a identificación da persoa a que teña encomendada a dirección da actuación, cando non coincida coa persoa titular da autorización. A realización e contido da súa implantación quedarán reflectidos nunha acta. Se non houberse conformidade faranse constar os reparos de xeito pormenorizado e concederáse un prazo proporcionado para a súa corrección.

**A acta de conformidade da súa implantación** implicará o permiso definitivo de iniciación das obras no que á normativa sectorial de estradas se refire.

11. Con carácter previo ao inicio das obras deberá constituír una **garantía definida nas condicións particulares** na Caixa do Departamento Territorial da Consellería de Facenda a favor deste Servizo provincial e presentar neste servizo o correspondente resgardo.

A garantía manterase durante o prazo de **un (1) ano** dende a data da acta de conformidade da finalización da obra.

Transcorrido este prazo dende a finalización das obras, poderá vostede solicitar a devolución desta a este servizo provincial.

A súa devolución farase efectiva unha vez comprobado que as obras realizadas se axustaron ás condicións indicadas na resolución da autorización, así como a non existencia de danos ou perdas ao dominio público viario ou aos seus elementos. No suposto de que as persoas interesadas ocasionasen danos o







perdas ao dominio público viario, a Administración titular da estrada incautará a garantía na contía equivalente a ditos danos e perdas.

12. As obras, instalacións ou actividades autorizadas executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal deste servizo provincial cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade establecidas polas disposicións vixentes e, ademais destas, o petionario aceptará as especiais que se poidan impoñer para a seguridade da estrada e do tráfico.
13. O titular da autorización será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados á estrada, á súa zona de influencia, a terceiros ou na súa propia actividade con motivo da realización da obra, actuación ou instalación autorizada, quedando obrigado a repoñer, ao seu cargo, os elementos da estrada que resulten afectados pola execución das devanditas actuacións, restituíndoos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.
14. Durante a execución das obras:
  - Será de conta do petionario a boa conservación e limpeza permanente da obra, debendo retirar ó seu remate tódolos materiais sobrantes.
  - Non se autoriza a ocupación do dominio público para o almacenamento de materiais. Os residuos xerados nas obras serán xestionados adecuadamente, sen deixar ningún resto na zona de afección da estrada, nin na zona de dominio público.
  - Non se poderán verter á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas das choivas, de escorregas ou arrastres ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada.
  - Adoptaranse as medidas oportunas para que, ao executar as obras, non se prexudique o bo drenaxe da estrada e das súas obras de fábrica.
15. Logo de **rematada a actuación**, o persoal deste Servizo Provincial documentará a súa terminación, o seu estado e a súa **conformidade cos termos da autorización**.

Para isto, o interesado comunicará a este servizo provincial, cunha antelación mínima de sete (7) días, a data que prevexa para o remate da devandita actuación. Estenderase unha acta de conformidade ou, no seu caso, faranse constar as obxeccións oportunas, concedéndose o prazo proporcionado para a súa corrección.





**A acta de conformidade da finalización** das obras implicará o permiso de uso das obras, actividades ou instalacións no que a normativa sectorial de estradas de refire, e a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias.

16. O titular da autorización será responsable das operacións de conservación e mantemento requiridas pola obra, actuación ou instalación obxecto de autorización e que sexan necesarias para garantir a salubridade, accesibilidade, seguridade e funcionalidade menoscabadas como consecuencia do uso destas.
17. O incumprimento das condicións descritas nesta autorización dará lugar ás responsabilidades que se recollen nos Títulos IV e V da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no Regulamento xeral de estradas de Galicia, sobre protección do dominio publico viario e o réxime sancionador.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o director da Axencia Galega de Infraestruturas no prazo de un (1) mes, que se contará desde o día seguinte ao da recepción da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Mediante este documento notifícaselle esta resolución segundo o esixido no artigo 40.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, O xefe do servizo provincial Felipe De la Vega Gándaras (Sinatura dixital)

